

MISIÓN COMERCIAL INVERSA PAÍSES NÓRDICOS

20-22 DE NOVIEMBRE 2024

O Clúster Alimentario de Galicia organiza unha misión comercial inversa centrada nos Países Nórdicos, co obxectivo de fortalecer a presenza das empresas alimentarias galegas neste mercado internacional estratéxico.

Co apoio do Instituto Galego de Promoción Económica, esta misión busca establecer contactos comerciais entre empresas galegas e importadores dos Países Nórdicos, abrindo novas oportunidades de negocio. Esta misión representa unha oportunidade para as empresas galegas que desexan consolidar a súa presenza nun dos mercados máis dinámicos de Europa.

A misión estrutúrase en dúas modalidades:

- **Modalidade A:** inclúe a participación en reunións individuais con importadores.
- **Modalidade B:** ademais das reunións, inclúe visitas a fábricas ou adegas.

O MERCADO NÓRDICO

O mercado nórdico, que abarca Suecia, Dinamarca, Noruega, Finlandia e Islandia, suma máis de **26 millóns de habitantes** e está considerado coma un dos máis atractivos a nivel económico no continente europeo. Este mercado **destaca** por presentar un dos **PIB máis elevados do mundo**, así coma unha **gran capacidade de compra** entre os consumidores. Os países nórdicos manteñen una **taxa de apertura comercial moi elevada**.

O **comercio exterior** representa un dos principais pilares da súa economía, especialmente no que respecta o **sector agroalimentario**, do que **depende** en grande medida das **importacións**.

PARTICIPACIÓN E SELECCIÓN

Os **importadores invitados** serán quen seleccionen, a partir das **fichas das empresas inscritas**, aquelas coas que desexen manter unha reunión, así como as fábricas ou adegas que desexen visitar. Ademais, os importadores resérvanse o **dereito de desestimar tanto a reunión coma a visita** ás instalacións de empresas cuxos produtos non respondan aos seus intereses.

Esta misión inversa contará coa **participación de ata cinco importadores ou distribuidores de alimentación e bebidas** procedentes de Dinamarca, Suecia e Noruega.

A participación nestes encontros inclúe tanto a confección dunha **axenda personalizada**, coma a **difusión dos perfís das empresas** entre os importadores invitados. Isto último levarase a cabo facilitando un **directorio** das empresas participantes aos importadores.

Os **encontros** de ambas modalidades serán **organizados por Clusaga**. As **reunións** terán lugar en **Santiago de Compostela**.

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Máis información

- **Data límite de inscrición:** 8 de novembro de 2024.
- **Custo:** **Modalidade A** (reunións con importadores): 175€ (25€ por reunión). **Modalidade B** (reunións e visitas a fábricas/adegas): 325€. **Recargo adicional:** aplica para empresas non asociadas a Clusaga.
- **Para máis información:** 881 023 853 / international@clusaga.org.

Proxecto cofinanciado pola Unión Europea



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Co-financiado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



clúster alimentario de galicia